

DEBUXO TÉCNICO (BACHARELATO). PRINCIPAIS OBXETIVOS DA MATERIA.

Trátase de dotar aos futuros estudantes de inxeniería, arquitectura, artes e deseño duns coñecementos básicos que les permitan traballar con fluidez en materias que teñan relación coa xeometría.

Resulta especialmente indicada para os alumnos que queiran cursar unha carreira universitaria relacionada coa inxeniería, arquitectura, belas artes e deseño. Tamén ciclos formativos relacionados coa industria, construción, deseño gráfico, publicidade, etc.

Esta materia é importante para o técnico e tamén para o artista: en pintura, polo dominio da perspectiva. En escultura pola concepción espacial dos volumes. En deseño e necesaria unha mínima base de xeometría.

A xeometría aparece en todas as formas, naturais e artificiais, sendo unha das claves da harmonía e a beleza.